



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Exp: 144/2025 relacionado co 3/2025

APROBACIÓN LISTA CANDIDATOS ENVIADOS POLO SEPEG PARA SELECCIÓN DE UN MOZO RECOLLIDA DE LIXO CON CARNET TIPO C PARA O PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAL PLAN MÁIS PROVINCIA 2025” , DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (LIÑA 3) SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Vistas as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025” liña 3, da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no BOPPO nº1, do 2 de xaneiro de 2025.

Vista a concesión da subvención con nº de rexistro de entrada 2025-E-RC-155 da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 31/01/2025.

Vistos os RCs nº 2025/EP/000010 e 2025/EP/000136 de datas 17/01/2025 e 11/02/2025 respectivamente.

Vista Resolución de alcaldía nº 2025-0153, de data 27/02/2025, de bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de un mozo de recollida de lixo con carné tipo C, dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (plan mais provincia 2025 liña 3)subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a lista de persoas candidatas para participar no proceso de selección enviado pola oficina de emprego de Redondela de data 28/02/2025 e nº 12-2025-1713.

De acordo coas atribucións do meu cargo que me confire a Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista de persoas candidatas para participar no proceso de selección enviada pola oficina de emprego de Redondela:

Número de oferta nº 12-2025-1713

1.-David Fontenla Blanco

Segundo.- Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, podrán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, **anexo I, ata o día 07/03/2025.** Coa solicitude deberá ir acompañada da documentación xeral indicada na base sétima e a acreditativa dos criterios socio-laborais indicados na base oitava da bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de un mozo de recollida de lixo con carné tipo C, dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (plan mais provincia 2025 – liña 3) da Deputación Provincial de Pontevedra. Ditas bases están publicadas na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>. Así mesmo tamén se poderán solicitar nas oficinas do Concello de Pazos de Borbén.





Terceiro.- Proba práctica, de carácter obligatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo e terá unha **valoración máxima de 4 puntos, sendo eliminados todos aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 2 puntos. A proba práctica realizarase o 11/032025 ás 9:00 na nave do Concello de Pazos de Borbén.**

Deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos.

Cuarto.- O Tribunal Cualificador designado nas bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de un mozo de recollida de lixo con carné tipo C, dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (plan mais provincia 2025 – liña 3) subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra, corresponde a:

Un presidente: Roberto Carlos Costa Tellado
Secretaria: María Begoña Tellado (con voz e voto).

Tres vogais:

- 1º Jose Manuel Soto Virulegio
- 2º David Rial Sobrino
- 3º Alejandro Reguera Varela

Suplentes:

Presidente: María del Rosario González Sánchez
Secretaria: María Isabel Fragueiro Piñeiro (con voz e voto).

Vogais suplentes:

1. Vanesa Boullosa Peralba.
2. María Luz Divina Otero Camiña.
3. Pilar Fernández Alonso.

Quinto.- Notificar ao tribunal cualificador adxuntándolle as bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de un mozo de recollida de lixo con carné tipo C, dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (plan mais provincia 2025 – liña 3) subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Sexto.- Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>.

En Pazos de Borbén,

**RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA, EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO.
DOU FE. A SECRETARIA-INTERVENTORA, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO MARXE.**

